

Didáctica do Museo das Mariñas (II)

O Apostolado de Rubens e o Hospital de San Antonio de Padua

EMILIA RODRÍGUEZ EIRÍS
MARÍA JESÚS FERNÁNDEZ RIVAS
XOSÉ ANTONIO GARCÍA GONZÁLEZ*

Para coñecer un pouco máis o Museo das Mariñas, adicamos este ano unha atención especial ás táboas que representan o Apostolado, orixinario do antigo Hospital de San Antonio de Padua de Betanzos. Este edificio, hoxe ocupado polos Xulgados, tivo unha particular historia que examinamos a grandes trazos. A unidade que presentamos a continuación está destinada a fomentar o interese por coñecer o entorno e o patrimonio cultural da nosa vila. Consideramos que é axeitada para alumnos con idades entre doce e dezaseis anos.

O ARTISTA ORIXINAL

"O artista que fixo esta obra en orixe -unha colección está hoxe no Museo do Prado, outra en San Marcos de León e a outra en Betanzos- foi Pedro Paulo Rubens, nado en 1577 en Siegen, Westfalia. Tras pasar os primeiros anos da infancia en Colonia (Alemaña), estableceuse en Amberes. A súa formación infantil resúltanos descoñecida. Con vinteún anos abriu o seu propio taller. A súa obra tivo pronta acollida nas igrexas e conventos do Flandes católico, causa para a que se amosou firmemente convencido, nun século (o XVII) no que o espírito da Contrarreforma esixía exemplos pictóricos, escultóricos e decorativos para fomentar a fe entre os creíntes.

Rubens completou a súa formación en terras italianas, onde traballaría en Mantua, en contacto co duque de Lerma, valido de Felipe III, polo ano de 1603, cando consta a primeira viaxe diplomática de Rubens a España. O Apostolado do Museo do Prado debeu ser ofrecido polo pintor ó valido, aínda que non existen documentos que acrediten a data exacta de realización da obra. As doce figuras dos Apóstolos derivan de gravados renacentistas ou da escultura florentina do Quattrocento e preséntanse como figuras de medio corpo e tamaño natural.

Tras a segunda estada en Roma, onde coñeceu ós grandes mestres italianos do s. XVI (Miguel Anxo, Tiziano e Tintoretto), houbo de regresar precipitadamente a Amberes, onde practicamente permanecería o resto da súa vida.

Rubens é o pintor barroco por excelencia. As súas cores son fogosas, cálidas, moi venecianas. O ritmo da meirande parte das súas obras é curvo e dinámico, acentuado en moitas ocasións por composicións diagonais. A pintura do mestre tivo unha enorme difusión por Europa, gracias á industrialización do seu taller. A influencia do pintor pasa pola valoración que fixeron del románticos como Delacroix ou impresionistas como Renoir."

* Licenciados en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela.

O noso agradecemento a Carlos Fernández Fernández pola axuda bibliográfica e persoal, así como a Alfredo Erias Martínez, director do Museo das Mariñas, pola súa receptividade.



S. Xoán Evanxelista



S. Felipe



Sto. Tomé



S. Paulo



Santiago o Maior



Santiago o Menor



S. Pedro



S. Andrés



S. Bertomeu



S. Simón



S. Mateo



S. Matías

* ¿Hai os mesmos apóstolos no Apostolado do Museo do Prado que no de Betanzos?
¿Falta algún? ¿Sustitúese por outro?

¿ COMO SE FIXERON AS TÁBOAS?

A serie do *Apostolado* para o Hospital de San Antonio de Betanzos poido ser feita directamente por Rubens ou tamén por autores descoñecidos do seu entorno con ou sen a supervisión do xenio. De tódolos xeitos, hai que constatar que unhas marcas a lume por detrás das táboas reproducen o escudo de Amberes, onde Rubens traballaba. A serie está realizada ó óleo, sobre táboa. Esta técnica era coñecida dende a Antigüidade, pero foron os flamencos do s. XV os primeiros que a usaron de maneira sistemática. Ten a vantaxe de amosar as cores brillantes e pódese retocar superpoñendo pinceladas. No século XVII, o autor ou autores destas obras seguiron unha técnica moi elaborada: o soporte foi táboa de carballo; para tapar os poros engadiron, por enriba, cola animal e carbonato de calcio; antes de pintar, prepararon a superficie para o óleo con branco de chumbo; engadiron despois dúas capas de pintura e barniz.

As táboas foron labradas polo gremio de carpinteiros, e despois pintadas por outros artesáns, tamén agrupados nun gremio. Esta asociación defínese como unha "*corporación formada polos mestres, oficiais e aprendices dunha mesma profesión ou oficio, rexida por ordenanzas ou estatutos especiais*"

(*Diccionario de la Lengua Española. Real Academia...*, ed. 1970).

O tratamento do claroscuro na serie remítenos a Caravaggio. Este pintor italiano, que actuou en Roma a comezos do s. XVII, e que coñeceu Rubens nas viaxes que fixo ó país transalpino, pasa por ser o máximo representante dun movemento pictórico que calificamos como tebrismo. Este defínese como unha tendencia artística que utiliza contrastes acusados de luz e sombra, de modo que as partes iluminadas se destaquen sobre as que non o están; ademáis, prefírense os tipos humildes representados en actitudes pouco convencionais.

* Colorea o debuxo-esquema da técnica que se emprega na realización da obra, indicando os elementos utilizados en cada capa:

6:.....
5:.....
4:.....
3:.....
2:.....
1:.....
Soporte:.....

* Anota as cores predominantes nas roupas dos Apóstolos.

* ¿Hai algunha variación nos fondos das composicións ou son todos iguais?

* O *tebrismo*, ¿pode ter algunha relación coas representacións que estás a ver?

APÓSTOLOS

"San Lucas é o único evangelista que emprega a verba apóstolo para designar ós escollidos coa misión de evangelizar. O apostolado fora instituído por Xesús, tal e como narra Mateo (10, 1-4): "E reunindo ós seus discípulos, deulles poder para botar os espíritos inmundos e curar tódalas enfermidades e doenzas. Os nomes dos doce Apóstolos son: primeiro, Simón o chamado Pedro, e Andrés, o seu irmán; Santiago, o de Zebedeo, e o seu irmán Xoán; Felipe e Bertomeu; Tomé e Mateo o publicano; Santiago o de Alfeo, e Tadeo; Simón o Cananeo, e Xudas o Iscariote, o que o traicionou". Posteriormente, tras a crucifixión de Cristo, sería substituído Xudas Iscariote por S. Matías, tal e como se narra nos Feitos dos Apóstolos (1, 26), despois de haber presentado como "aspirantes" a Xosé, chamado Barsabá, e ó propio Matías: "Botárono a sortes, e caeu a sorte sobre Matías, que foi contado cos Once apóstolos."

* Busca os nomes dos apóstolos representados na Sala na seguinte sopa de letras:

```
I A V O C O S N D U N A M U O
P D P J Z S A P A L I E S E X
L E U U O G A I T N A S F A U
Y T I Y C S S X E I C J I T D
R T V I T U A B C M G D L Z A
E Z Ñ M S D I I E E O A I P S
E G I A I O S Y T F A T P A W
B B S S M Ñ W C R A P E E U R
F O E E O S N O U E M T D L Z
T E R R N A E I D E N W E O V
X O Q E T C K R A H Q V L U N
Z X O Ñ O O O I D D J L M O V
Z E O A K L M A R N I A E I I
L I I A O N U E M F A I I E S
I D Q E N O E Q U L S Q I E V
```

¿ COMO SE REPRESENTAN?

Os apóstolos acostuman vestir, nas representacións, túnica e manto. Ademais, van acompañados xeralmente por atributos propios, que consisten, case sempre, en instrumentos do martirio.

Así, a representación máis corrente de Bertomeu é un grande coitelo na man ou o propio pelexo sobre o brazo (morreu despelexado). Andrés morreu crucificado: por iso lle soe acompañar unha cruz aspada. A Filipe sóese representar cunha cruz latina pequena, unha lanza ou espada na man.

Pedro é probablemente o apóstolo máis representado, e faise sobre todo coas chaves (é o porteiro do ceo). Paulo represéntase coa espada, pois morreu decapitado e non crucificado gracias á súa condición de cidadán romano.

O instrumento do martirio co que se acostuma representar Xudas Tadeo é unha maza ou unha cruz de fuste longo (tamén foi crucificado). Xoán Evangelista represéntase pero sempre como mozo imberbe e, algunhas veces, rexeitando unha copa (cáliz) envelenada.

O apóstolo Tomé é frecuentemente representado cunha escadra na man, por mor da súa profesión; foi predicador na India, e alí houbo de construír un pazo para o rei; cribado a lanzazos, a lanza é precisamente o seu instrumento do martirio.

Santiago o Maior aparece representado con diversos tipos iconográficos; entre eles está o que o amosa cun bordón nunha man e un libro na outra. Santiago o Menor foi golpeado cunha maza ata morrer logo de ser condeado polo Sanedrín e apedreado: ese é o instrumento do seu martirio.

Simón, tamén chamado Cananeo ou Zelotes, morreu degolado ou serrado, segundo diversas tradicións. Matías, o último dos Apóstolos, ten como atributo persoal unha machada, unha corda ó pescozo ou nas mans, pedras ou dous cravos (todos eles supostos instrumentos do seu martirio).

* ¿Hai elementos comúns a todos ou á meirande parte dos apóstolos? ¿Cales? ¿Que significado poden ter?

* ¿Cantos evanxelistas hai entre os apóstolos? Indica con que animais simbólicos aparecen representados nas portadas románicas, por exemplo.

* Asocia a cada apóstolo co símbolo que lle corresponde na representación das táboas en Betanzos:

Santiago o Maior	Cruz
S. Andrés	Lanza
S. Bertomeu	Bordón
S. Matías	Chaves

* Describe tipos e actitudes dentro dos apóstolos representados:

	TIPO	ACTITUDE
S. Andrés		
S. Bertomeu		
S. Filipe		
S. Matías		
S. Paulo		

S. Pedro		
Santiago o Maior		
Santiago o Menor		
S. Simón		
Sto. Tomé		
S. Xoan Evanxelista		
S. Xudas Tadeo		

* Compara as tipoloxías dos apóstolos de Betanzos cos do Prado e sinala as diferencias máis salientables.

* Elixo o apóstolo que queiras e fai unha reprodución do mesmo.

DITOS DO POBO

En Galicia hai certos refráns que fan referencia a actividades relacionadas cos apóstolos. Moitas delas teñen que ver coa agricultura ou co tempo. Trata de explicar o significado das que a continuación se reproducen:

"Santiaguíño, sempre co seu cabaciño"

"Por san Bertomeu, treboada arreu"

"Santo Tomé: ver para crer"

"En Santos, a neve polos altos; e en San Andrés, a neve polos pés"

"Por san Xudas e san Simón, collidas as uvas son"

"Por san Matias tan longas son as noites coma os días"

¿COMO OS VIRON OUTROS ARTISTAS?

A continuación reproducimos outras obras nas que se representan a todos ou algún dos Apóstolos. Descríbeas e infórmate sobre os autores e os episodios que representan. Para axudarte, acude ás fontes bíblicas que se che indican.

1) "A Última Cea" - Leonardo da Vinci

"O primeiro día dos ácidos achegáronse os discípulos a Xesús, dicindo: "¿Onde queres que che preparemos a pascua?" El dixo: "Ide á cidade, á casa de "Fulano", e decidelle: O mestre di: O Meu tempo achégase; quero celebrar na túa casa a pascua cos meus discípulos". E eles fixeron o que Xesús lles ordeou e prepararon a pascua. Chegada a tarde, púxose á mesa cos doce. E, mentres comían, díxolles: "En verdade vos digo que un de vós me entregará". Moi entristecidos, comenzaron a dicirle un por un: "¿Acaso son eu, Señor?" El respostou: "O que mete a man comigo no prato, ese entregárame.(...)" (Mateo, 26, 17-24).





2) "*A conversión de S. Paulo*",
de Caravaggio

"Saulo, respirando aínda ameazas e morte contra os discípulos do Señor, presentouse ó sumo sacerdote, e pediulle cartas para as sinagogas de Damasco, co fin de, se atopaba algúns que seguisen este camiño, homes ou mulleres, levalos encadeados a Xerusalén. Ían camiñando, e próximos xa a Damasco, de repente circundouno un resplandor do ceo, e caendo á terra, oíu unha voz que lle decía: "*Saulo, Saulo, ¿por que me persigues?*" E preguntou: "*¿Quen es, Señor?*" E él: "*Eu son Xesús, a quen ti persegues. Pero levántate e entra na cidade, e diráseche o que debes facer*".

E os homes que o acompañaban detivéronse atónitos, oíndo a voz, pero sen ver a ningúen." (Feitos dos Apóstolos, 9,1-7).




3) "*Pentecostés*", de O Greco

"Ó cumprirse o día de Pentecostés, estaban todos xuntos no mesmo lugar. E produciuse de repente un ruído do ceo, como de vento impetuoso que pasa, que encheu toda a casa onde estaban. Aparecéronselles como línguas de lume, que se dividían e se pousaban sobre cada un deles e todos quedaron cheos do Espírito Santo, e comenzaron a falar en línguas estrañas, segundo o Espírito Santo lles movía a expresarse." (Feitos dos Apóstolos, 2, 1-4).

4) "*A Virxe e S. Xoán ó pé da Cruz*", de Roger van der Weyden

"Estaban en pé xunto á cruz de Xesús a súa Nai, María de Cleofás, irmá da súa Nai, e María Magdalena. Xesús, vendo a súa Nai e xunto a ela ó discípulo que el amaba (Xoán), dixo á súa Nai: "*Muller, aí tes ó teu fillo*". Logo dixo ó discípulo: "*Aí está túa nai*". E dende aquel momento o discípulo recibiuña consigo." (Xoán, 19, 25-27).



¿ONDE SE ATOPABAN?

"...O lugar destinado para a edificación polos Cabaleiros Rexidores, D. Xoan de Puzo e Aguiar e D. Bieito Sánchez da Torre, dito emprazamento estaba entre as rúas da Cruz Verde e a Cañota."

"O fundador, con plenos poderes outorgados polo Concello, elixe para a ubicación do establecemento, o lugar "...que está abaixo da ermida do señor San Roque". Tomado de FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Carlos. *Apuntes para la Historia del Hospital de San Antonio de Padua de la ciudad de Betanzos* (1674-1896). Tesina inédita, 1988.

* Colorea con verde o primeiro emprazamento pretendido para o "Hospital de San Antonio de Padua" e en vermello o emprazamento definitivo, segundo os documentos anteriores.

* Colorea en azul o percorrido entre o Hospital e o Museo das Mariñas.



¿COMO ERA UN HOSPITAL?

"En cada sala do hospital é preciso colocar un altar, dispoñendo as camas de maneira que os enfermos poidan facilmente seguir o servizo divino. É preciso dar gran importancia á capela."

"Un hospital palaciego é un conxunto cadrado ou rectangular, cuido núcleo é un patio... ou dous... con variantes na colocación da igrexa no fondo do patio... o tipo admite reducións; unhas veces a igrexa non é senón unha capela aberta nunha beira do vestíbulo..."

"... A comenzos do século XVII fanse novas disposicións... A pranta baixa foi reservada ó servizo e tódolos enfermos habitaban no primeiro piso."

"O edificio do Hospital de San Antonio de Padua sitúase no lado Oeste da actual Praza dos Irmáns García Naveira, coñecida noutros tempos por Campo da Feira.

Poderíamos clasificalo como un hospital de tipo "palaciego", no cal a actividade diaria se realiza arredor dun patio central.

(...) Na súa estrutura destacan as melloras arquitectónicas propias da época: redución na altura, cos servizos xerais na planta baixa e as enfermerías no primeiro piso ("Enfermería de Santa Rosa" para mulleres e a "Enfermería de San Cosme" para homes)

Da súa estrutura inicial consérvanse as paredes exteriores (con máis ou menos alteracións), o claustro e a escaleira de subida ó primeiro piso. As principais reformas lévanse a cabo no ano 1896 cando o Hospital, despois de estar afectado polas leis desamortizadoras, volve ás mans da Igrexa. (...) A antiga porta situábase na fachada que mira á actual Praza García Irmáns."

Alfredo Erias Martínez e Carlos Fernández Fernández:

"O Arquivo do Hospital de San Antonio da cidade de Betanzos"



* ¿Que é un hospital palaciego?

* ¿Podemos enmarcar o Hospital de San Antonio como un hospital palaciego? ¿Por que?

* ¿Cal é o elemento central do hospital? ¿Hai algún outro edificio público en Betanzos que tamén teña este elemento ca mesma función?

* Tenta explicar a continuación cal pode ser o interés e función da capela dentro deste edificio. ¿Que dependencias se sitúan arredor dela?

* Describe as dependencias que se representan a continuación; explica a relación que hai entre elas.



Distribución hipotética das prantas do Hospital, segundo Carlos Fernández, con debuxos de Lito Muñoz.

* Describe a continuación o que podemos atopar agora no emprazamento do antigo hospital de San Antonio.

ENTENDÍASE POR HOSPITAL....

"Baixo o termo Hospital englobábase unha serie de institucións que no decurso do tempo se encargaron de asistir ós necesitados. Aínda que estas institucións fosen de moi diferente tipo -hospicios, hospitais, lazaretos, etc.-, soen na súa maioría respostar a un principio común: están rexidas pola Igrexa, que ten os seus representantes nos postos directivos das institucións; o seu principal soporte económico é a caridade cristiá derivada dos textos dos mandamentos: "*Amarás ó próximo como a ti mesmo*". Con estas esmolas fúndanse e échense as arcas de moitas institucións que ofrecen unha compensación ós pobres no outro mundo se aquí aceptan a desigualdade económica de ricos e pobres. Os legados para a fundación e mantemento deste tipo de centros asistenciais é o que recibiu o nome de *cartos da conciencia*, cos que aristócratas, escépticos e outras persoas, soían facer un seguro para a outra vida, porque, cando menos, alonxaban a inxenuidade do que poidese pasar despois da morte, e porque, segundo a concepción máis popular, para conseguir a felicidade chegaba coa sumisión externa ó precepto eclesiástico."

Carlos M. Fernández Fernández:
"Antiguos hospitales de La Coruña"

* ¿Que institucións asistenciais se mencionan no texto?. Busca no diccionario o seu significado.

* ¿Quen rexe estes establecementos e cal consideras que é o motivo fundamental para facelo?

* ¿Que son os cartos da conciencia?

* ¿Por que a Igrexa se fai cargo de todos estes centros?

"A herdanza medieval recibida dunha sociedade que tivo en alta estima a caridade, dotou á España do Renacemento dun gran número de hospitais, nos que predomina a súa condición de refuxio sobre a de centro asistencial. Durante este período prodúcese o agrupamento de pequenos hospitais nuha única institución, debido a que en moitos casos as súas rendas, moi exiguas impedían alcanzar os fins desexados. A pobreza e a enfermidade convértense en obxectos públicos, e como consecuencia dun novo ordenamento político e social aparece un novo concepto de hospital, tanto no aspecto político, como no sanitario, arquitectónico, e tamén en canto á súa funcionalidade. Os novos hospitais adquiren unha arquitectura coincidente cos cárceres. Nos hospitais realízanse varios tipos de funcións: asilo e custodia (funcións non diferenciadas en

moitos centros), orfanato, e á vez serven de morada permanente a aqueles enfermos que pola súa incapacidade física non poidesen gañarse o sustento ...

Os impostos sobre gastos suntuarios e espectáculos serán a partir desta época as formas clásicas de financiación da asistencia sanitaria."

Carlos M. Fernández Fernández:

"Antiguos hospitales de La Coruña"

* ¿Cal pensas ti que pode ser a diferenza entre un centro asistencial e un centro refuxo?

* Indica que teñen en común as seguintes institucións

Asilo de anciáns

Orfelinato

Centro de lazados

* Había moitas formas de financiación destes centros; escribe a continuación a que aparece no texto e engade algunha da que oiras falar ou se che ocorra.

* ¿En que se pode parecer un hospital a unha cárcere?

POÑENDO OS CIMENTOS

Aquí che presentamos un documento orixinal de 1698 no que se fala do Hospital de San Antonio. Tenta transcribilo e extrae o tema principal do mesmo:

"A falta de herdeiros e o principio relixioso de *"hacer un agradable servicio a Dios nuestro Señor"* son os principais motivos que levan a D. Antonio Sánchez de Taibo, a fundar e dotar o Hospital de San Antonio. Elexiu a cidade de Betanzos, debido a que *"no hay un hospital dónde se curen sus enfermos ni en la ciudad de La Coruña"*. A isto únese, sen dúbida, a proximidade do lugar do nacemento do fundador.

Como Patrono do establecemento noméase ó Arcebispo de Santiago e ós seus sucesores. Actúa como Copatrono o Concello, *"para reconocer si en su puntualidad y limpieza en la curación de los enfermos se pone la atención que tanto importa"*.

O hospital é unha casa baixo a protección de Deus. Constitúese como unha institución espiritual, baixo a advocación dun santo patrón determinado, dirixida polo Arcebispo, quen nomea ós administradores pertinentes, sendo así múltiples os representantes do estamento eclesiástico na institución."

"As obras (de construción do Hospital) realízanse segundo os planos do coengo da basílica compostelana D. José Vega y Verdugo, e foron contratadas (...) polo mestre de cantería Domingo Monteagudo, veciño de Santiago."

Alfredo Erias Martínez e Carlos Fernández Fernández:
"O Arquivo do Hospital de San Antonio da cidade de Betanzos"

* ¿Que significado ten o termo "patrono"?

* ¿Quen foi o fundador do Hospital de San Antonio?

* ¿Cales foron os motivos que o levaron a iso?

* ¿Por que se fundou este hospital en Betanzos?

* Fálase de estar baixo a protección de Deus: ¿é esta a idea que se ten na actualidade dos hospitais? Comenta as diferencias e a tua opinión sobre o tema.

* Dinos quen ten máis poder sobre este hospital e como se amosa dito poder.

O FUNDADOR E A SÚA ÉPOCA

No ano 1674 fúndase o Hospital de San Antonio de Padua de Betanzos. Os seus fundadores, D. Antonio Sánchez de Taibo y Vilouzás y Doña Estefanía de Valencia y Guzmán, diante da precariedade da asistencia médica de Betanzos cun poder outorgado en Madrid o día 10 de abril dese ano.

Don Antonio Sánchez de Taibo, que era cabaleiro santiaguista do Consello e Contaduría Maior de Facenda do Rei Carlos II e Rexidor Perpetuo das cidades da Coruña e Betanzos, ostentou cargos políticos en Flandes.

* Busca a data do reinado de Carlos II e a dinastía á que pertence.

* Comenta o que che lembran os apelidos do fundador. Busca se hai algún topónimo semellante perto de Betanzos e escrúbeo a continuación, situándoo no concello ó que pertenza.

* Recolle información sobre a Orde de Santiago: cando se fundou, como eran os seus membros, como ían vestidos....

* ¿Que funcións tiñan os rexidores nesta época?

* ¿Que importancia pensas que tivo para a aparición do Apostolado en Betanzos, o paso de D. Antonio Sánchez de Taibo e Vilouzás por Flandes?

¿QUE SE FACÍA NO HOSPITAL DE SAN ANTONIO?

A continuación ímosche presentar unha das actuacións que tiveron lugar neste hospital. Le atentamente, porque ten moito interese, se intentas situarte na época en que tivo lugar:

"O catro de febreiro de mil setecentos trinta e nove deuse sepultura no Cimiterio deste Hospital de San Antonio de Betanzos ó cadaver de María Isabel, natural de Xermania e oriunda de Lucerna, pelegrina e viúva de Cristobo, mulier natural tamén de Xermania. Morreu de repente na pelegrinaria dese Hospital. Recibiu o sacramento da extrema unción xa que os demais non se lle poideron administrar por estar incapaz dun accidente alfarético, e de aí a cinco horas, que morreu, abríuselle polo lado das costas e sacáronlle un neno o que a Deus gracias, recibiu auga de socorro e durou hora e media; este caso por raro foi moi público na cidade o non pouco maravilloso, e admirado, e quedoulle un neno de dous anos e catro meses orfo, pero, o que é pai da providencia e orfos, moveu a súa Divina Providenza o corazón e afecto dos bós cristiáns e levárono para a súa casa dentro ás tres horas de morrer a nai, e téñenlle gran cariño con ánimo de crialo e educalo como pais; e para que conste, asínoo como capelán deste Hospital."

Joseph Ant. Pérez Hermida